

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

### Feitos

Con data do 12 de marzo de 2024, a presidenta da comisión de selección da praza 24/1001 de profesor/a substituto/a (convocada por Resolución reitoral do 15 de febreiro de 2024), Adriana Ivette Ávila Álvarez, comunica que incorre con algún candidato en conflitos de interese dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos.

Ademais a presidenta comunica que os seguintes membros da comisión tamén incorren con algún candidato en conflitos de interese dos establecidos no mencionado Real Decreto:

Rivas Quarneti, Natalia Yanaína	vogal 1ª titular
Viana Moldes, Inés	vogal 2ª suplente
Talavera Valverde, Miguel Ángel	representante dos traballadores

### Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución dos citados membros da comisión de selección.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución dos seguintes membros da comisión de selección da praza 24/1001:

**Presidente:** substitución de Adriana Ivette Ávila Álvarez por Iván de Rosende Celeiro, vicedecano do centro da praza.

**Vogal 1ª titular:** substitución de Natalia Yanaína Rivas Quarneti por Laura Nieto Riveiro, que era a vogal 1ª suplente.

**Vogal 2ª titular:** substitución de Iván De Rosende Celeiro, que pasa a ser o presidente da comisión por María Betania Groba González, que era a vogal 3ª suplente, xa que a vogal 2ª suplente, Inés Viana Moldes, está en situación de conflito de intereses.

**Representante dos traballadores:** substitución de Miguel Ángel Talavera Valverde por Susana Sangiao Alvarellos, proposta polo presidente do comité de empresa.

A Coruña, na data da sinatura electrónica  
Por delegación do reitor (R.R. 16/01/2024)  
A vicerreitora de Profesorado  
María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	dkfWX/0PdyUliOR4Mf6xrA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	14/03/2024 10:16:10
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dkfWX/0PdyUliOR4Mf6xrA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dkfWX/0PdyUliOR4Mf6xrA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

